



Poñémonos en contacto con vostede para que se una a nós nunha campaña para combater a violencia contra as mulleres. O Concello busca colaboración para acabar coa idea de que a violencia de xénero é un asunto particular, que só afecta ás persoas implicadas. Moi ao contrario, é un problema xeral que afecta a toda a sociedade, e polo tanto a todos os veciños e veciñas. E, por iso mesmo, todos e todas podemos contribuir a que a nosa sociedade estea baseada na igualdade e no respecto.

Con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concello quere difundir entre a poboación unha chamada de implicación directa na loita contra o maltrato. Esta mensaxe pode chegar a moitas máis persoas se vostede nos axuda coa distribución de bolsas que dean publicidade entre a súa clientela. Así mesmo, todos os establecementos que se unan contra a violencia estarán representados nun cartel que se mostrará en distintos lugares do municipio, incluído o seu local se así o desexa.

Outra maneira de que veciños e veciñas se unan a esta loita contra a violencia é asinar un manifesto cos compromisos que unha sociedade igualitaria debe cumprir. Este documento estará exposto nas dependencias municipais e nos negocios participantes, á disposición das persoas que o queiran subscribir.

Como peche desta campaña, o venres 23 de novembro terá lugar un acto público con música e teatro, que sirva de recoñecemento a toda a poboación participante.

Esta campaña está organizada polo Concello de Oroso coa colaboración do Centro de Información á Muller (C.I.M) da Mancomunidade de Ordes e cofinanciada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo.

Os detalles da campaña están no reverso desta carta. Para máis información ou resolver calquera dúbida, poden poñerse en contacto con:

Rosa María Ramírez Campos  
Axente de emprego e desenvolvemento local  
Rúa do Deporte, 9 baixo - Sigüeiro, 15888 Oroso  
Teléfono: 981 688 950 - [rosa.ramirez2010@gmail.com](mailto:rosa.ramirez2010@gmail.com)

Agradecemos de antemán a súa colaboración.  
Un saúdo,

María del Carmen Liste Raña  
Concelleira de Muller e Igualdade

Xaime Carneiro Uzal  
Concelleiro de comercio

Oroso, 18 de outubro de 2012

[PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO - OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com](mailto:info@concelloroso.com)

## INFORMACIÓN SOBRE A CAMPAÑA

### \* **Primeira visita:**

**Durante a segunda quincena de outubro** recolleranse os datos do negocio e presentarase a campaña. Se decide participar, entregaráselle a seguinte documentación:

- Manifesto contra a violencia de xénero
- Enquisa de satisfacción

O manifesto porase á disposición da clientela para que todas as persoas que desexen apoiar esta campaña coa súa sinatura o poidan facer.

A enquisa de satisfacción pretende que as persoas participantes na campaña poidan valorala e transmitir o que lles gustou ou non nesta iniciativa, así como propostas de mellora ou de acción.

Elaborarase un cartel publicitario con todas as entidades participantes neste proxecto. É necesario que acheguen unha imaxe identificativa do establecemento (logotipo, anagrama etc), preferiblemente en formato dixital; se non é posible por este medio, poden entregalo en papel. Se non o entregan neste momento, faranllo chegar á persoa de referencia, Rosa Ramírez, persoalmente ou por correo electrónico (rosa.ramirez2010@gmail.com), **antes do 5 de novembro**.

### \* **Segunda visita:**

As bolsas e o cartel publicitario entregaranse **entre o 19 e o 22 de novembro** no enderezo que vostede nos indicou.

Aproveitarase esta visita para recoller o manifesto asinado polo persoal e a clientela, así como a enquisa de satisfacción que recolle as súas opinións.